

COMUNICADO Nº 191/23

14 DE AGOSTO DE 2023

**ACORDO PARA O PAGO DOS PREMIOS DA CATEGORÍA DE SLALOM DA
TEMPADA 2022**

A Federación Galega de Automobilismo acadou un acordo para o pago dos premios da categoría de Slalom da tempada 2022, dado que a anterior xunta directiva, presidida por Iván Corral, non se fixo cargo dos importes acordados no comunicado 057/22 .

Este acordo, que mostra novamente a boa vontade da nova directiva da Federación Galega de Automobilismo presidida por Antonio Rodríguez Troitiño, chega logo dunha nova reunión cos pilotos co propósito de acadar de unha solución a unha nova “herdanza” que deixou o anterior presidente, Iván Corral.

O pago dos premios, no que non quixo estar presente o patrocinador co que a anterior directiva chegara a un acordo (tal e como se afirma nese mesmo comunicado 057/22), farase para por fin a unha situación que non só perxudicaba aos pilotos gañadores, senón a imaxe dun campeonato que está gañando en popularidade esta tempada 2023.